



# **PROXECTO XERAL DO SERVIZO DE “CONCILIARES”**

**(SERVIZO DE CONCILIACIÓN DO CONCELLO DE ARES PARA XULLO E AGOSTO DE 2026 )**

## **INTRODUCCIÓN:**

Galicia é un referente nas actividades de educación non formal, ocio educativo e tempo libre que se programan, de xeito maioritario, durante os meses de verán. Prográmanse centos de actividades ao longo do noso territorio co obxectivo de ofrecer un recurso de educación no tempo libre para os nenos/as e mozos/as, e de conciliación para as familias galegas durante a época estival.

## **Qué é este Servizo?**

O Servizo de “*Conciliares*” é unha actividade de eido lúdico-educativa, onde os nenos e nenas poderán realizar actividades adaptadas e divertidas á vez que aprenden e se desenvolven, axudando así tamén ás familias a conciliar a súa vida laboral e familiar.

Este servizo, lévase a cabo dende a Concellaría de Servizos Sociais, seguindo unha rigorosa orde de selección segundo os criterios de acceso , e donde teñen preferencia os casos de emerxencia social e aquelas familias nas que ámbolos proxenitores traballen.

Ademais, para unha correcta labor do servizo contaremos con:

- Varios educadores (segundo a normativa vixente o esixa) coa cualificación necesaria para exercer a labor.
- Un/unha limpadorx-coordinadora, que estará pendente en todo momento da hixienización dos espazos donde se leven a cabo as actividades.



## **OBXECTIVOS DO SERVIZO:**

### **Obxectivos xerais:**

- Fomentar a conciliación da vida laboral e familiar das persoas usuarias.
- Contribuír á formación integral das persoas seleccionadas, potenciando a oferta de actividades de carácter educativo, deportivo, artístico, de lecer, de promoción da saúde e de habilidades persoais.
- Potenciar valores e actitudes, así como o desenvolvemento da autonomía persoal e superación de dificultades.
- Fomenta-la utilización da actividade lúdica como un recurso educativo e creativo no tempo libre.
- Facilita-la maduración da personalidade dos nenos e nenas nos seus diferentes ámbitos: cognitivo, psicomotriz e psicosocial.
- Apoia-la coordinación co tecido asociativo en tódolos niveis municipais.
- Fomentar hábitos de respecto, convivencia, igualdade e solidariedade, potenciando os valores positivos do pluralismo, a tolerancia, a coeducación e o respecto á diversidade.

### **Obxectivos específicos:**

- Promover estilos de vida saudables.
- Promover as actitudes e valores de igualdade de xénero.
- Conseguir que as persoas seleccionadas adquiren unha maior autonomía e responsabilidade na organización do seu tempo libre.
- Desenvolver a autoestima dos nosos nenos e nenas
- Mellorar as relacións entre os nenos e nenas e axudarlles a adquirir habilidades sociais e de comunicación.
- Favorecer a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade das persoas seleccionadas.
- Favorecer a toma de decisións.
- Favorecer a autonomía persoal dos nenos e nenas.



- Promover a resolución pacífica de conflitos.
- Favorecer o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo-social e da personalidade dos nenos e nenas a través do xogo e as actividades lúdicas axeitadas a cada idade.
- Proporcionar ós nenos un espazo especializado no xogo, onde aprender xogando, divertirse, desenvolver a imaxinación e a creatividade xunto co seu grupo de iguais sexa o máis importante.
- Facilitar a integración e o desenvolvemento dos nenos e das nenas con necesidades educativas especiais ou en situación de emerxencia social a través do xogo, xa que este é un elemento integrador que logra que adquiran rutinas, normas simples, valores sociais e de convivencia, etc.

Todo isto, mediante unha serie de actividades que máis adiante describiremos e para as que seguimos unha serie de criterios:

- Adecuación aos principios educativos.
- Motivación para unha aprendizaxe significativa.
- Fomento de actitudes solidarias ante a realidade social e cultural.
- Afianzamento de comportamentos baseados en valores humanos.

### **DESTINATARIOS**

Nenos/as con idades comprendidas entre os 3 e os 12 (ver punto criterios de acceso e preferencia)

40 prazas por quincena.

### **HORARIO**

O horario é o seguinte:

Xullo e agosto de 8:30 a 14:30 h. de luns a venres, agás festivos.

### **INSTALACIÓNS**

Esta actividade lévase a cabo:

- C.P.I.As Mirandas .



### **DATAS QUINCENAS:**

1ª QUINCENA DE XULLO: DO 29 de Xuño ao 15 de Xullo.

2º QUINCENA DE XULLO: Do 16 ao 31 de Xullo.

1ª QUINCENA DE AGOSTO: Do 1 ao 14 de Agosto.

2ª QUINCENA DE AGOSTO: DO 17 ao 31 de Agosto.

### **CRITERIOS DE ACCESO E PREFERENCIA DO SERVIZO:**

Xa que o Servizo de “*Conciliares*” é un servizo destinado a facilitar a conciliación da vida familiar e laboral, os criterios de acceso seguirán a orde seguinte:

- Nenxs **empadroadxs** no Concello de Ares con algún dos proxenitores traballando (Priorización dos casos nos que traballen ámbolos dous proxenitores e segundo certificado de vacacións dos proxenitores ).
- **Nenxs empadroados** con informe previo dos Servizos Sociais.
- **Nenxs non empadroados no Concello** de Ares con ambos proxenitores traballando e que mínimo un dos proxenitores traballen no termo municipal de Ares.
- Nenxs non empadroados e sen ningún proxenitor traballando en Ares no caso de non cubrir as prazas ofertadas; o baremo será o da renda.

#### **Anotacións:**

- Terán prioridade aquelas unidades familiares que teñan un maior número de membros solicitantes desta actividade.
- A orde das listaxes dos participantes dentro de cada punto anterior virá dada **pola renda** da unidade familiar (de inferior a maior) e priorizando aos empadroados.

### **DOCUMENTACION A PRESENTAR:**

As familias interesadas, dentro do prazo de solicitude, deberán presentar a solicitude de inscrición mediante o formulario on-line disposto na paxina web, en unha vez confirmada dita presincrición mediante copia da mesma ao correo electrónico disposto na solicitude,



aportar a documentación xustificativa mediante rexistro electrónico a través da páxina web [www.concellodeares.com](http://www.concellodeares.com) ou presencialmente no Departamento de Servizos Sociais :

- Copia da Preinscrición Online.
- Declaración da renda do exercicio 2024 , ou no caso de non estar obrigado a presentala, certificación da AEAT que acredite este feito ademais dos datos fiscais que consten en la AEAT na que se poidan observar os ingresos anuais da unidade familiar durante o 2024.
- Fotocopia do DNI do neno ou nena ou no seu defecto fotocopia da folla onde aparece no libro de familia.
- Fotocopia da cabeceira da nómina, contrato en vigor dos proxenitores ou calquera outro documento legal que acredite a situación de empregabilidade do/s proxenitor/es e horarios( por conta propia ou allea ).
- Certificado de convivencia.
- Fotocopia do carné de familia numerosa no seu caso.
- Certificado médico de alerxias ou problemas médicos a ter en conta polo monitor/a, e avisar se as nenas ou nenos están de alta coma casos de alerta escolar no SERGAS.
- Informe emitido dende a Concellaría de Servizos Sociais, no seu caso.
- Convenio regulador de separación o divorcio se fose o caso/ sentencia xudicial.
- Certificado de Vacacións da empresa ou Declaración Xurada no caso de ser Autónomos .
- Certificado de discapacidade no caso que o menor teña algunha discapacidade.

Rematado o prazo de matrícula, publicarase a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas na páxina web do concello no apartado destinado á actividade, á que se poderán facer alegacións no prazo de dous días hábiles. Unha vez revisadas as alegacións formuladas publicárase a listaxe definitiva.

No caso de que exista maior demanda que oferta de prazas, elaborárase unha listaxe de agarda seguindo os mesmos criterios anteriores.



No caso de variación das circunstancias laborais dalgún dos proxenitores entre o momento da solicitude e a publicación da resolución definitiva, as familias poderán solicitar a incorporación de novos documentos xustificativos para a súa valoración.

## TAXAS:

TRAMOS	CUOTAS			
	MES COMPLETO (EMPADROADOS)	QUNCENA (EMPADROADOS)	MES COMPLETO(NON EMPADROADOS)	QUINCENA(NON EMPADROADOS)
<b>IPREM MENSUAL: 600 €</b>				
<b>ATA 50% IPREM Ata 300 €</b>	<b>0 €</b>	<b>0€</b>	<b>0€</b>	<b>0€</b>
<b>Do 50 % IPREM ATA O 75%</b> 300€ - 450 €	<b>30€</b>	<b>15€</b>	<b>60€</b>	<b>30€</b>
<b>DO 75% DO IPREMAO 100%</b> 450 € - 600 €	<b>50€</b>	<b>25€</b>	<b>80€</b>	<b>40€</b>
<b>DO 100% ATA 125% DO IPREM</b> 600 € - 750 €	<b>70€</b>	<b>35€</b>	<b>100€</b>	<b>50€</b>
<b>DO 125% DO IPREM EN ADIANTE</b> 750 € en adiante	<b>100€</b>	<b>50€</b>	<b>130€</b>	<b>65€</b>

Para o cálculo da tarifa terase en conta a renda mensual per cápita referida ao IPREM vixente, entendendo por tal o resultado de dividir a suma dos ingresos anuais totais da unidade familiar entre 12 meses e o seu resultado entre os membros que a compoñen.



Para os efectos da presente regulación, ten a consideración de ingresos a suma da base imponible xeral máis a base imponible do aforro. Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases imposables ás que se fai referencia obteranse como resultado da documentación económica achegada.

Excepcionalmente, se a unidade familiar alega unha diminución dun 20 % ou mais dos seus ingresos durante mais de catro meses consecutivos e se mantivesen na data de inicio do prazo de solicitudes fronte aos ingresos declarados na declaración do IRPF do exercicio anterior ao ano no que se solicita o servizo, poderán aportar esta documentación xustificativa da dita circunstancia para que se teña en conta a valoración.

A renda per cápita familiar englobará os ingresos de todos os membros que compoñen a unidade familiar divididos polo número de membros computables.

Para o previsto nestas bases, considérase que compoñen a unidade familiar:

- Os pais/nais non separados legalmente e, no seu caso o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor.
- Os fillos/as menores de idade, con excepción dos emancipados.
- Os fillos/as maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediatamente anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita o servizo, sempre que non tiveran un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano anterior.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os fillos dos pais que convivan con eles e que reúnan os requisitos do apartado anterior.

No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante do servizo. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unido/a ao pai/nai e que si que conviva co solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.



Poderá esixirse en calquera momento a ampliación da documentación acreditativa das diferentes circunstancias que se teñen en conta no baremo de bonificación das taxas.

**A omisión, falsidade dos datos ou dos documentos** achegados, **serán causa de denegación**, con independencia da incoación do correspondente expediente sancionador.

### **NORMAS SOBRE A IMPUTACIÓN DAS COTAS**

Aquelas persoas solicitantes que non acheguen a documentación requirida para a determinación da súa capacidade económica, no prazo de subsanación correspondente, aboarán a tarifa prevista para aquelas unidades familiares cunha renda per cápita superior ao 100% do IPREM.

### **BENEFICIOS FISCAIS**

Terán dereito as seguintes bonificacións:

- Bonificación do 30% para os nenos e as nenas pertencentes a familias numerosas e familias monoparentais.
- Bonificación do 30% dende o 2º irmá dentro da actividade ( desconto aplicable para o segundo irmá/n e seguintes ) .

Os beneficios fiscais recollidos neste apartado, non serán acumulables no caso de concorrer estas dúas circunstancias na mesma praza.

A solicitude de bonificación de taxas deberá facerse no apartado correspondente da sociedade on line.

### **DEVENGO**

A obriga de pagamento para os usuarios nace cando se produza a notificación de admisión no servizo mediante a publicación das listaxes definitivas de alumnado admitido (a cota a aboar poderá consultarse no Departamento de Servizos Sociais ) e na forma que se indique na devandita resolución.

A non asistencia do usuario ó centro durante un período determinado non supón redución ningunha, nin extinción da taxa, mentres non se formalice a baixa correspondente cun mínimo de quince días antes de que comece cada quenda.

A non asistencia de 3 días sen xustificar documentalmente na actividade é motivo de baixa automática da actividade.



## **NORMAS DE XESTIÓN**

Os/as usuarios/as realizarán o pagamento do servizo mediante transferencia bancaria no número de conta que se designe na resolución de admisión e sempre antes de comezar a recibir o servizo.(ver prazos de pago)

As cantidades aboadas só se devolverán no caso de non poder utilizar o servizo por causa de forza maior non imputable ao interesado. Estas causas deberán ser debidamente xustificadas na solicitude de devolución que se formule, debendo achegar a esta os documentos xustificativos que en cada caso correspondan. Fóra destes casos, non se efectuarán devolucions das cantidades aboadas.

## **PRAZO DE SOLICITUDE :**

O prazo para presentar a solicitude comezará **o luns 11 de Maio de 2026 e rematará o venres 29 de Maio (incluído).**

**Anotación:** As solicitudes que vaian a ser entregadas no Departamento de Servizos Sociais serán entregadas en horario de 9:00h a 14:00h ou por rexistro electrónico na Web Municipal.

A listaxe de admitid@s provisional se publicara na paxina web e no taboleiro de anuncios do Departamento de Servizos Sociais o dia 8 de Xuño de 2025 e a listaxe definitiva o dia 12 de Xuño.

Así mesmo, unha vez publicada a listaxe de admitidos disporán ata o dia **20 de Xuño** para facer efectivas as cotas correspondentes ao mes de Xullo, e ata o **20 de Xullo** para facer efectivas as cotas de Agosto., enviando a copia do xustificante de pago ao seguinte correo: [servizos.sociais@concellodeares.com](mailto:servizos.sociais@concellodeares.com)

Asi mesmo, de non estar aboadas a cotas na data correspondente, serán dados de baixa automaticamente e se chamara ao seguinte na lista de espera.

No caso de renuncia a actividade sen motivo xustificado será motivo de non admisión nas seguintes quincenas solicitadas.

O numero de conta designado para tal é o seguinte;



**ES82 2080 0211 6531 1000 0024 ; porase o nome do menor e o mes ou quincena correspóndete, enviando copia ao seguinte correo: [servizos.sociais@concellodeares.com](mailto:servizos.sociais@concellodeares.com)**

**ACTIVIDADES:**

Dun xeito xeral, as actividades de ocio educativo e tempo libre son espazos de diversión, de formación, e tamén de fondo espírito convivencial. Neste sentido, as programacións de actividades durante o verán soen ser interactivas e participativas para conseguir a integración e inclusión de todos os nenos e nenas e, tendo temáticas distintas cada quincena .

Asdo. Julio Ignacio Iglesias Redondo

Alcalde-Presidente do Concello de Ares



# ***CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)***

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E



# ***CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)***

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E